

Pregón 2023: Mecanismo de transporte á infancia

Alcaldesa de Vilalba, autoridades presentes, Tamara e resto da corporación municipal, poetas, premiados, amigos e amigas, veciñanza...

Moi boas tardes a todos.

Son Marta Gesto, son unha de vós, e estou moi contenta de saudarvos.

Quixera comezar agradecendo a aquelas persoas que pensaron en min para semellante honra: ser pegoira das festas de San Ramón e Santa María e mantedora deste Certame Literario. Agradézovolo de corazón.

Gracias tamén ós amigos e veciños que me vides felicitando e animando dende que sabedes que me encontro nesta tesitura de pregoar as que, para min, son as mellores festas do mundo.

Estiven moitas veces onde hoxe estades vós. Escribir un pregón das festas de Vilalba da máis vertixe se antes estiveches sentadada dese lado, vendo pasar os minutos... Veño de repasalos case todos e algúns son auténticas crónicas de Vilalba. Tentarei non aburrirvos moito coa miña historia.

Tentareino. Veremos....

A algúns de vós non vos dirá moito o meu nome. ¿Quén é esta Marta Gesto?

Son a filla do Julio da Grandisca, a neta do tilleira, a filla de Inés Lagüela... Son tamén a prima do Migueli, son a irmá de Elena Gesto, a sobriña do taxista, a cuñada do Manu.... comezo tamén a

ser coñecida en certos parques como a tia de Iria e Alba... por todos eses nomes me coñecen na vila, e por todos eles respondo.

En Vilalba, e só en Vilalba, son moitas cousas máis:

Fun alumna de Doña Mercedes Currás,
comín calamares no Fornos,
fun clarinete segundo na Banda,
tiven sorte, porque estudiei no Ínsua,
merquei tebeos na Ponte e os meus primeiros libros na Segrel.
Disfraceime para o baile de Antroido do Racing,
fun á pasantía de Héctor,
lin a Agustín Fernández Paz,
comín boliños de leite dos Marios e lambetadas de Lambuxes...
Aprendín a nadar na Madalena,
Xoguei ó basquet no pabellón...

Por qué vos conto todo isto? Porque son 100% vilalbesa. Un cuarto de Oleiros, un cuarto de Sancovade, un cuarto de Mourence e un cuarto de Lanzós.

Aprendín hai moitos anos a explicar “de quen son” cando ando pola vila. É algo natural aquí e absolutamente impensable fóra.

Os alcumes, os nomes da familia, aqueles polos que nos coñecen amigos e veciños son parte de quen somos. E xa teñen sido obxecto de análise en pregóns pasados. Os primeiros alcumes da miña vida foron os dos amigos de meus pais. Como o Juan Prieto se apelidaba Prieto, e o Paredes, Paredes, pensaba eu que así era o uso e costume na vila.

E que eu sería para todos Marta Gesto.

Pero resulta que o Alfonso do Camba non se apelidaba Camba, nin o Brañón, Brañón... Do Lindsay nin vos conto, como sabedes, o Manolo tampouco é un vilalbés de apelido estranxeiro...

As miñas primeiras memorias do San Ramón están vencelladas a eles e ás súas familias. Lembro aquelas xiras na fraga dos Prietos, con eles e con Fina, Marité, María Dolores....

Comer no campo, coa veciñanza organizada en pandillas, é a primeira ensinanza de vida que gardo. A pandilla, a familia fóra da casa.

Non pensedes que hai pandillas por todo o mundo. Non hai.

Na miña están dende hai décadas a María, filla do Ton; o Juanma do Indalecio; a Susana do Mercauto; o Julio do Tamanaco; a Mariana do Manolín; a Reme e máis o Pedrito da Citroen; a Marta da Churrería... o Arturito, a Isa, o Juancho, o Dani, o Xacobo, o Martín, o Nicolás, o Juan Miguel, o Eduardo, o Panchito...

Xa vos digo que a Xira cobrou unha dimensión estratosférica en cando empecei a ir de merenda con eles. Tremendas lembranzas, tremendas aprendizaxes polas que vos estarei sempre agradecida, amigos. Festa e lealdade. Qué máis se lle pode pedir unha a unha xira campestre.

Quizáis un pouco do vermú que levou miña prima Julia a miña primeira Xira no monte. Hai moitos pais por aquí, así que mellor non vos conto máis. Baste decir que cando preguntei ós amigos as súas lembranzas do San Ramón, a Xira está no primeiro posto.

O meu San Ramón son eles. Os amigos e a familia. Quero contarvos que para min, estas festas son o mecanismo infalible de volta á infancia. Basta pensar no aroma das árbores da praza de Suso Gayoso e volvo a ser unha nena.

Podedes preguntarlle ó Rodri cuántas veces llo teño contado ó longo dos anos, baixo árbores semellantes: “*mira este olor, ¡é o olor do San Ramón!*”, ante a súa cara de “*xa mo contaches mil veces, pero vale*”.

Para min hoxe estamos arrancando unha festa que empeza na casa e se comparte na rúa: os churros da Moderna, as bombas de palenque, os xigantes e cabezudos, as rosquillas e o roscón, as verbenísimas, as sobremesas longas, deitarse tarde, o brazo de gitano. En definitiva, compartir....

Pero Vilalba e o San Ramón son tamén sinónimos de música. Nacemos nunha vila de larga tradición de bandas. Consta que dende 1850 sona a música de banda por estes lares, e a primeira Banda de Vilalba, con ese nome, naceu en 1884. Logo chegaron a Nova Lira e a Orquesta Mato. E así, con épocas de silencio e novas bandas, ata a maravilla que é hoxe a Banda de Música de Vilalba.

Deixademe que vos comparta un pensamento que me acompaña cada vez que asisto a un concerto dos meus excompañeiros: ¡Qué ben soa a nosa banda!

Pouco queda dos compases desacompasados (entusiastas, eso sí) dun grupo de rapaces, comandados por Pepe Guntín, que nos estreamos en traxe azul un abril do 91. Cántovos un segredo: aquel día realicei o meu primeiro exercicio en playback, tales eran os nervios. Hoxe a banda é unha maravilla da que sentirse orgullosos.

Eu encontrei na Banda de Música, ademais da lectura dun pentagrama, unha escola de vida. Nunca fun moi amante do deporte de equipo, así que foi na banda onde empecei a traballar en conxunto.

Aprendín a importancia dun clarinete segundo. Non foi pouca cousa para a vida nunha redacción, repleta de egos e primas donas, pero nas que todo se ben abaixo se falla unha coma nun titular. Por sorte para todos, o clarinete xa non o perpetro, pero o gusto polo traballo miúdo, polo acompañamento, segue comigo.

Nunca tiven madeira de música, pero sigo sendo unha grande afeccionada. Velaquí outro pensamento que comparto con vós: fóra de Vilalba hai que gastar moitos cartos para escoitar música (xa non digamos BOA música). Lembro concertos de balde, cortesía do San Ramón, de grandísimos grupos, dende Os Enemigos, Celtas Cortos, Dover... ata Manu Chao ou Tanxugueiras, Larga vida ás festas, aínda que só sexa por iso!

Estes días son tamén momento de encontro e divertimento deportivo. Lembro con moito agarimo os partidos do Racing nas festas, con meu pai, que foi socio toda a vida. Ese Racing, creado en 1931 e federado no 66, que ven de darnos a grande alegría de subir a Segunda REF baixo a batuta dun vilalbés, Simón Lamas. Parabéns a todos, xogadores, directiva e afeccionados. Sodes grandes.

Deixo visitado moitos campos de fútbol en moitos países, cousas de vivir cun xornalista deportivo. Podo certificar que a emoción é sempre a mesma. Os grandes celebran e sufren coma os pequenos. O meu amor polo fútbol naceu en Vilalba e tamén aquí aprendín a querer e respetar ós afeccionados do equipo rival. Que non é pouco cando unha deportivista medra rodeada de celtistas.

Aprendín máis cousas en Vilalba. A discutir. A debatir, mellor dito. A respectar opinións diversas de fútbol, a escoitar ós que saben e a rebatir de política (Graciñas, Martín. E graciñas tamén, Juanma). Non son a primeira, e como non vou atopar palabras mellores que as de Antón Baamonde, nesta mesma tesitura na que me atopo hoxe, citarei un anaco do seu pregón de 2014: “Onde eu aprendín

a dialogar e a diferir, onde se asentou o meu amor pola liberdade non foi noutro sitio senón aquí, en Vilalba”. Xa somos dous, Antón. Imaxino que haberá máis.

A Banda de Música, o Racing... pilares básicos da miña vida da vila. Unha vila que chegou a contar con máis de vinte xornais literarios e revistas. Hai máis pilares: o conservatorio, a Biblioteca, a Liga Santaballesa, o Instituto de Estudios Chairegos, as poetisas vilalbesas, o Museo de Arqueoloxía... e o Hospital Asilo. Nestes tempos, nos que unha pandemia nos puxo fronte á morte e os coidados, síntome afortunada e orgullosa como vilalbesa do Hospital Asilo.

infoLibre, o diario no que traballo e que dirixe o meu querido amigo Daniel Basteiro, ven de destapar nos últimos anos episodios terribles da xestión das residencias que se fixo en Madrid durante a pandemia. Nos últimos meses tiveron a oportunidade de mirar cos meus propios ollos a outra cara deste traballo: o que se fai con respecto, con delicadeza, con agarimo, CON PROFESIONALIDADE.

Non hai que coidar as residencias porque nelas vivan “os nosos maiores”. As residencias, o mundo enteiro dos coidados, é o único que garante a fin da vida con dignidade. E se pode ser en Vilalba, rodeados de xente que coñecemos e nos coñece, moito mellor. Gracias, de corazón, a todo o persoal do Hospital Asilo.

Hoxe toca dar comezo ás festas, cun Certame Literario como arranque do San Ramón. Qué vila esta a nosa que mostra o seu amor pola cultura, pola poesía e pola literatura namáis comeza a celebrar. Se o tempo nos respecta, disfrutemos dos concertos dos d'abaixo, de Bregadiers, das sesións vermú, dos torneos deportivos, da París de Noia, dos pasarrúas de Cerna de Arbol, da charanga de Vilalba e da Mestura de Nete, do festival de Bandas Pepe Guntín... da nosa fantástica Banda, que ven con un

repertorio fantástico, aínda que a disfrutaredes hoxe na súa primeira intervención das festas.

Veciños, que comece o San Ramón. Que disfrutedes do cabrito, do pito, do salpicón, do brazo de gitano. Que vos aproveite o roscón. Que vos presten as festas.

Viva Vilalba

!E viva o San Ramón!